

## REGULAMENTO DE LICENZAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

### Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

1.- O presente regulamento de licenzas é unha norma interna da Federación Galega de Atletismo, xerarquicamente subordinado aos Estatutos da mesma, ao que se refire o artigo 5.1.h) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.

2.- O ámbito obxectivo e subxectivo de aplicación desta norma contráese á actividade propia da Federación Galega de Atletismo e ás persoas integradas na mesma.

3.- Esta norma ten por obxecto a regulación das licenzas da Federación Galega de Atletismo

4.- Esta norma estará en vigor desde a tempada 2026 inclusive, en tanto non sexa modificada ou derogada por outra posterior.

### Artigo 2.- Natureza, efectos e finalidade das licenzas.

1.- A licenza federativa é o documento de carácter persoal e intransferible que outorga aos seus titulares a condición de membros rexistrados da Federación Galega de Atletismo, a través dos distintos estamentos.

2.- A obtención da licenza federativa comportará para o seu titular a aplicación dos seguintes **dereitos e deberes** previstos nos Estatutos federativos para os membros dos correspondentes estamentos:

- a) Con carácter xeral, todos/as os/as federados/as teñen dereito a recibir a tutela da FGA na protección e garantías dos seus intereses deportivos lexítimos, a gozar dos seus servizos e a participar nas súas actividades e no seu funcionamento interno a través dos medios e procedementos establecidos para o efecto.
- b) Os colectivos federados deberán aceptar e cumprir os estatutos da FGA en todos os seus termos. Asemade, someterse á autoridade dos seus órganos federativos en relación coas materias do seu ámbito de competencia, sen prexuízo do dereito a impugnar ou recorrer as súas decisións ante as instancias federativas, administrativas e xurisdicionais competentes.

3.- Para a participación en actividades ou competicións oficiais da Federación Galega de Atletismo precísase estar en posesión de licenza federativa expedida por esta.

4.- Así mesmo, as licenzas expedidas pola Federación Galega de Atletismo habilitarán aos seus titulares para participar en competicións oficiais de ámbito territorial superior nos casos e condicións que estableza a correspondente normativa da Real Federación Española de Atletismo

### Artigo 3.- Clases de licenzas polo seu obxecto.

No seo da Federación Galega de Atletismo existirán as seguintes licenzas en función do seu obxecto:

- a) Licenzas de carácter competitivo: son as que habilitan para participar en competicións oficiais da Federación Galega de Atletismo.

#### **Artigo 4.- Clases de licenzas por estamentos.**

As licenzas federativas poderán corresponder aos seguintes estamentos

- a) Entidade deportiva:
- b) Atletas
- c) Adestrador-Técnico
- d) Xuíz

2.- Unha mesma persoa pode ser titular simultaneamente de varias licenzas, sempre que o sexa por distintos estamentos, sendo aplicables a tal efecto as incompatibilidades que poidan estar establecidas nos estatutos ou os diferentes regulamentos da FGA.

#### **Artigo 5.- Prohibicións e incompatibilidades.**

1.- Non poderá expedirse licenza a favor de quen estea cumprindo calquera sanción disciplinaria ou penal que carrexese a privación de licenza, ou inhabilitación para o desempeño das actividades que permita a licenza solicitada, así como aos sancionados por dopaxe en virtude do disposto pola súa lexislación específica. Os sancionados con suspensión de licenza poderán renovar ou obter nova licenza en calquera momento, sen prexuízo de non poder desenvolver as actividades en cuestión ata o total cumprimento da sanción correspondente.

#### **Artigo 6.- Estranxeiros.**

1.- Poderán obter licenza os residentes comunitarios e os estranxeiros non comunitarios con residencia legal en España.

2.- Tratándose de menores de idade, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos que en cada momento poida establecer a World Athletics para a protección dos menores, para obter licenza bastará coa acreditación do seu empadramento nun municipio do Estado.

#### **Artigo 7.- Clases de licenzas pola súa duración**

En función da duración da vixencia das licenzas estas pódense clasificar en:

- a) **Ordinaria:** son aquelas que se expiden polo que reste de tempada deportiva. A tempada deportiva vai dende o 1 de xaneiro o 31 de decembro.
- b) **Licenzas temporais**, de duración inferior á tempada natural, que non habilitan para participar en campionatos de Galicia **Licenzas "de día"**, válidas para a participación nunha determinada proba ou competición:

- c) **Licenzas cuatrimestrais**, para todas as categorías (desde Sub-8 ata Máster), referidas aos meses de setembro, outubro, novembro e decembro).

### **Artigo 8.- Licenzas de entidades deportivas.**

Poderán obter licenza de entidade deportiva aqueles clubs ou seccións deportivas debidamente rexistrados para a práctica do atletismo no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.

As licenzas de entidade deportiva poderán ser:

- ) **De club de atletismo**, cando no obxecto social da entidade conste o fomento e promoción do atletismo e desenvolvan especialidades que non sexan as que constan no apartado. Estas entidades poderán ter vinculados deportistas con licenza de atleta estándar e de atleta de corredor, se ben non poderán ter exclusiva ou maioritariamente licenzas destas dúas últimas especialidades.
- ) **De club de corredores** cando limiten a súa actividade a organizar e/ou participar en probas de campo a través, ruta e trail running. Estes clubs só poderán ter vinculados atletas con licenza corredor.

### **Artigo 9.- Licenzas de deportistas.**

1.-As licenzas para persoa física serán expedidas ás persoas que, reunindo os requisitos establecidos, o soliciten:

- directamente (**independentes**) ou
- a través da **entidade deportiva** á que se desexen vincular ou xa estean vinculadas.

2.- En xeral, os atletas non poderán cambiar de club durante o transcurso da tempada.

3.- As licenzas de atletas divídense nas seguintes categorías de idade:

- a) Sub 8:
- b) Sub 10:
- c) Sub 12:
- d) Sub 14:
- e) Sub 16:
- f) Sub 18:
- g) Sub 20:
- h) Sub 23:
- i) Sénior:
- k) Master:

4.- O vínculo co club terá a mesma duración que a licenza expedida a través da propia entidade deportiva.

5.- A licenza de atleta, de vixencia anual, permite a participación en calquera das probas de atletismo recoñecidas FGA nos seus diferentes ámbitos de competición: Pista ao Aire Libre, Pista Cuberta, Ruta, Cros, Marcha, Montaña e Trail Running e atletismo praia.

## Artigo 10.- Licenzas de adestradores-técnicos

1.As licenzas de adestradores-técnicos divídense nas seguintes categorías de acordo coa súa titulación:

**De adestrador.** Expedirase ás persoas que contén cun título expedido polo Centro de Ensino Atletismo Galego (CEAGA), ou outros centros que poidan estar acreditados para iso, debidamente recoñecidos por mandato legal.

- **De adestrador de alto rendemento** (a quen estea en posesión do Título de Adestrador Nacional da RFEA o do título de Técnico Deportivo Superior en atletismo). CEAGA: Adestrador Ciclo superior)
- **De adestrador de tecnificación de atletismo** (a quen estea en posesión do Título de adestrador de Club da RFEA Nivel II de adestrador da RFEA ou do título de Técnico Deportivo en Atletismo, de Licenciado o Graduado en INEF/ *Ciencias de la Actividad Física y el Deporte* coa especialidade en atletismo (con 22 ECTS y previa certificación de CENFA) do título de técnico deportivo en atletismo). CEAGA: Adestrador Ciclo medio)

### De técnico auxiliar(monitor):

- **De Monitor de atletismo:** Título de Monitor Nacional de Atletismo
- **De Monitor de Iniciación:** CEAGA Ciclo medio (monitor de atletismo e auxiliar de competición de atletismo)

2. Tratándose de adestradores-técnicos cuxa actividade implique contacto habitual con menores de idade, deberán acreditar non ser condenados por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, mediante certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais que deberá achegarse á Federación Galega de Atletismo xunto coa súa solicitude de licenza.

## Artigo 11.- Licenzas de xuíces

Poderán obter licenza autonómica de xuíz aqueles que teñan acreditada a condición de xuíz de atletismo pola FGA.

## Artigo 12.- Aseguramento de accidentes deportivos.

1.- A expedición de calquera licenza federativa leva consigo a obriga de subscribir un seguro que garanta a cobertura de indemnización para os supostos de perdas anatómicas ou funcionais ou de falecemento, así como a asistencia sanitaria, derivados de accidente deportivo, nos termos establecidos na normativa vixente da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- O dito seguro será subscrito pola Federación Galega de atletismo en condición de tomador, sendo o titular da licenza o asegurado.

### **Artigo 13.- Función de expedición de licenzas.**

1.- A Federación Galega de Atletismo, na súa condición de entidade que exerce a función pública delegada de expedición de licenzas, de carácter administrativo, é competente en réxime de exclusividade para expedir e tramitar licenzas federativas de atletismo na Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a tutela da Administración deportiva autonómica.

2.- A Federación Galega de Atletismo exercerá a función de expedición de licenzas federativas de forma directa, sen que esta poida ser obxecto de delegación ou exercicio de substitución sen a autorización da Administración deportiva autonómica.

3.- A expedición de licenzas federativas ten carácter regrado, non podendo denegarse a licenza a canta persoa solicitante reúna as condicións necesarias para a súa obtención.

4.- A Federación Galega de Atletismo informará a calquera persoa interesada sobre os requisitos necesarios para a obtención dos seus distintos tipos de licenzas.

### **Artigo 14.- Tramitación e emisión de licenzas.**

1.- As solicitudes de licenza deberán ser obrigatoriamente formuladas ben polo club ao que se vincule, polo interesado ou os seus representantes legais no caso de atletas independentes, a través dos modelos específicos establecidos pola Federación Galega de Atletismo achegando os documentos preceptivos indicados nos devanditos modelos para cada tipo de solicitude, que serán de acceso libre a través da páxina web da federación.

2.- O prazo de solicitude de licenzas para cada tempada indicárase nunha circular anual de licencias, polo xeral empezando as tramitación de clubs, adestradores e xuíces, na segunda semana do ano anterior, e os atletas na última semana de novembro, podéndose tramitar durante toda a tempada sen recargo.

3.- As solicitudes de licenzas presentadas por entidades deportivas, adestradores, xuíces y atletas deberán selo obrigatoriamente por medios electrónicos.

4.- As solicitudes de licenzas para menores de idade deberán ser subscritas polos proxenitores, titores ou institución que exerzan a súa representación legal.

5.- A tramitación das solicitudes compételle ao Departamento de Licenzas.

6.- Calquera solicitude que adoecece da falta dalgún requisito emendable, dará lugar ao requirimento ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se o interesado non emendase os defectos advertidos no referido prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.

7.- A resolución sobre concesión ou denegación de licenzas compételle ao Departamento de Licenzas.

8.- As licenzas deberán ser emitidas e postas ao dispor do solicitante ou, no seu caso, denegadas motivádemete, no prazo máximo dun (1) mes a contar desde o seguinte á entrada na Federación da solicitude debidamente formalizada.

9.- O cómputo do prazo referido no apartado anterior suspenderase polo tempo que medie, no seu caso, entre o requirimento de corrección de defectos e o seu efectivo cumprimento polo interesado.

10.- Calquera solicitude de licenza entenderase outorgada por silencio positivo, se non se notifica resolución expresa no prazo máximo indicado no apartado oitavo do presente artigo.

11.- Contra a denegación expresa da licenza solicitada ou contra a denegación da entrega do documento xustificativo da obtención de licenza por silencio positivo, caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, nos termos da súa propia normativa.

### **Artigo 15.- Licenzas nulas.**

1.- Serán causa de anulación das licenzas concedidas:

- a) A falsidade nos datos facilitados para a súa obtención.
- b) Incorrer en duplicidade de licenza, vinculándose a máis dun club, nese caso será anulada a licenza máis recente.
- c) No caso de licenzas outorgadas por silencio positivo, e sempre que a Federación estime que non se reúne algún dos requisitos esenciais para obtela, antes de resolver sobre a súa anulación outorgaráselle á persoa licenciada un prazo de 30 días para dar cumprimento ao requisito que non reunía.

2.- O procedemento de anulación de licenzas poderá iniciarse de oficio ou por denuncia e na súa tramitación que lle compete a Departamento de Licenzas, deberá garantirse a audiencia da persoa interesada por un período de dez (10) días hábiles.

3.- A resolución anulando ou mantendo a validez da licenza compételle ao Departamento de Licenzas e fronte á mesma caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, nos termos da súa propia normativa.

### **Artigo 16.- Protección de datos persoais.**

1.- A recollida, tratamento, cesión e calquera acto análogo respecto dos datos persoais das licenzas federativas, axustarase ás disposicións vixentes en materia de protección de datos de carácter persoal. En particular, estarase ao disposto no artigo 28.6 da lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

2.- A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais achegados coas solicitudes de licenzas de persoas físicas é a de tramitar e xestionar as licenzas federativas e habilitar a participación de tales persoas nas actividades federadas.

3.- Os datos obtidos unicamente serán cedidos e transferidos a entidades e organismos imprescindibles para poder levar a cabo as finalidades derivadas do exercicio das facultades inherentes á licenza durante o tempo en que o interesado permaneza integrado na organización federada, coas garantías establecidas na normativa en materia de protección de datos e sen prexuízo dos dereitos que lle asistan nesta materia.

### **Artigo 17.- Importe das licenzas.**

1.- O importe das licenzas será o fixado para cada tempada pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Atletismo para cada estamento ou categoría, segundo se recolle no Anexo I ao presente regulamento.

2.- No caso de que calquera importe fose anulado por acto administrativo ou resolución xudicial entenderase aplicable o anterior importe en vigor para o devandito tipo de licenza.

### **Artigo 18.- Soporte e contido das licenzas.**

1.- As licenzas federativas emitiranse en soporte dixital.

2.- O formato das licenzas federativas é o recollido no Anexo II do presente regulamento.

3.- No documento da licenza, ademais dos conceptos económicos que resulten obrigatorios no caso das licenzas que permitan a participación en ámbitos superiores ao autonómico, deberán consignarse claramente, como mínimo, os seguintes datos:

a) O selo, logotipo e denominación da Federación Galega de Atletismo e da Xunta de Galicia

b) Duración da licenza.

c) Nome e apelidos da persoa titular.

d) Data de nacemento da persoa titular.

e) No seu caso, entidade deportiva á cal se vincula o titular durante o período de duración da licenza.

f) Categoría/estamento.

g) Dereitos federativos. Este contido poderá ser substituído pola súa remisión mediante ligazón ao desenvolto con máis extensión en determinado apartado da páxina web federativa.

h) Identificación da Compañía Aseguradora e teléfono de atención e emerxencias.

i) Número de póliza para a declaración do accidente deportivo, no seu caso.

4.- As licenzas que habiliten para a participación en actividades ou competicións de ámbito estatal deberán reflectir polo menos en lingua española os datos correspondentes.

### **Disposición Final.- Entrada en vigor.**

O presente regulamento entrará en vigor a partir da súa aprobación pola Administración deportiva autonómica, tal e como se establece na Instrución do 10 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, para a remisión dos regulamentos de licenzas das federacións deportivas galegas (DOG núm. 33, do 18 de febreiro de 2021). O regulamento entenderase aprobado, se no prazo de tres (3) meses a Administración deportiva autonómica non notificase a correspondente resolución de aprobación.

## ANEXO I

### IMPORTES DOS DISTINTOS TIPOS DE LICENZAS PARA A TEMPADA 2026

- Dende o 1 de xaneiro o 31 de decembro 2026

| CLUBS | COTA FGA            | TOTAL |
|-------|---------------------|-------|
|       | División de Honra   | 250 € |
|       | 1ª División         | 200 € |
|       | Nacional            | 150 € |
|       | Autonómica          | 100 € |
|       | Clubs Nova Creación | 50 €  |

| ADESTRADORES/AS * | Categoría                   | COTA FGA |
|-------------------|-----------------------------|----------|
|                   | Entrenador Alto Rendimiento | 33 €     |
|                   | Entrenador de Tecnificación | 33 €     |

| TÉCNICO AUXILIAR * | Categoría                                                                                                          | COTA FGA |
|--------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|
|                    | <b>Monitor de Atletismo</b><br>Título Federativo de monitor                                                        | 28 €     |
|                    | <b>Monitor de Iniciación</b><br>- TDA ciclo inicial<br>- Licenciados o Graduados en INEF y CAFYD,<br>- TAFAD/TSEAS | 28 €     |
|                    |                                                                                                                    |          |

| XUÍCES/AS * | RFEA Nivel III | 23 € |
|-------------|----------------|------|
|             | RFEA Nivel II  | 23 € |
|             | RFEA Nivel I   | 23 € |
|             | Autonómico     | 23 € |

| ATLETAS CON FICHA<br>POLA FGA<br><br>de clubs galegos e indepen-<br>dentes<br><br>Licenza Estándar e Plus | Categoría                                          | COTA FGA<br>ANUAL | COTA CUATRIMES-<br>TRAL* |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------|-------------------|--------------------------|
|                                                                                                           | MÁSTER (1)                                         | 39 €              | 13 €                     |
|                                                                                                           | SÉNIOR                                             | 39 €              | 13 €                     |
|                                                                                                           | SUB-23                                             | 27 €              | 9 €                      |
|                                                                                                           | SUB-20                                             | 27 €              | 9 €                      |
|                                                                                                           | SUB-18                                             | 27 €              | 9 €                      |
|                                                                                                           | SUB-16                                             | 19 €              | 6,33 €                   |
|                                                                                                           | SUB-14                                             | 19 €              | 6,33 €                   |
|                                                                                                           | SUB-12                                             | 16 €              | 5,33 €                   |
|                                                                                                           | SUB-10                                             | 16 €              | 5,33 €                   |
|                                                                                                           | SUB-8                                              | 16 €              | 5,33 €                   |
|                                                                                                           | Atletas clubs fora de Galicia 200€ seguro incluído |                   |                          |

**\*Cuotas Trimestrais dende o 1 de setembro ó 31 de decembro**

A estas cotas hai que engadir o seguro deportivo obrigatorio. Están exentos os adestradores e xuíces con licenza activa de atleta.



**CATEGORÍAS ATLETAS TEMPADA 2026 POR AÑO DE NACIMIENTO**

| ATLETAS |                                   |                         |
|---------|-----------------------------------|-------------------------|
| MÁSTER  | Dende o día no que cumpra 35 anos |                         |
| SÉNIOR  | Nados en 2003 o anos anteriores   |                         |
| SUB-23  | Nados/as en                       | 2004, 2005 y 2006       |
| SUB-20  | Nados/as en                       | 2007 y 2008             |
| SUB-18  | Nados/as en                       | 2009 y 2010             |
| SUB-16  | Nados/as en                       | 2011 y 2012             |
| SUB-14  | Nados/as en                       | 2013 y 2014             |
| SUB-12  | Nados/as en                       | 2015 y 2016             |
| SUB-10  | Nados/as en                       | 2017 y 2018             |
| SUB-8   | Nados/as en                       | 2019 o anos posteriores |

## ANEXO II MODELO DE FORMATO DE LICENZAS

### ATLETA

|                                                                                                       |                                                                                                     |                                                                                                                       |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  XUNTA<br>DE GALICIA |  DEPORTE<br>GALEGO |  Federación Galega<br>de Atletismo |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

|                                                                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                                   |                                                                                                                                 |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                             | <br>T 2025<br>                                                  | <b>NOMBRE DEL CLUB</b><br>Dirección:<br>Código postal:<br>Teléfono:<br>Email:<br>Website:                                       |
| <b>NOME E<br/>APELLIDOS</b><br><br>Categoría:<br><b>FEDERACION GALLEGA DE ATLETISMO</b><br>País: <b>ESPAÑA</b><br>Ámbito: <b>Territorial</b> | <b>FEDERACION GALLEGA DE ATLETISMO</b><br>Dirección: Plaza Agustin Diaz. Complejo<br>Deportivo<br>Código postal: 15008 - A Coruña (La Coruña)<br>Teléfono: +34659184128<br>Email: xestion@atletismo.gal<br>Website: atletismo.gal | <b>ATLETAS (17 años y superiores) , ENTRENADORES<br/>Y JUECES</b><br><br>Compañía de Seguros:<br>Número de Póliza:<br>Teléfono: |

Esta licencia es personal e intransferible. Es válida únicamente para la temporada de su expedición y en la categoría que se reseña. Deberá ser presentada en las competiciones o actividades en las que participe.

[Descargar en PDF >>](#)  
[Descargar en PASS >>](#)

|                                                                                                                                                                                                                                     |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>ATLETAS DE 6 A 16 AÑOS.- Seguro asumido por la<br/>Secretaría Xeral para o Deporte</b><br>Compañía de Seguros<br>Vía Telemática: <a href="https://partesxogade.es">https://partesxogade.es</a><br>Número de Póliza:<br>Teléfono: |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

**XUIZ/ADESTRADOR-TÉCNICO**

|                                                                                                                                                                                 |                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                            |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  XUNTA<br>DE GALICIA                                                                           |  DEPORTE<br>GALEGO |  Federación Galega<br>de Atletismo                                                                                                       |
|                                                                                                | <div>FOTO</div> <div>T 2025</div> <div>XUIZ O ADESTRADOR</div>                                      | <b>FEDERACION GALLEGA DE ATLETISMO</b><br>Dirección: Plaza Agustin Diaz. Complejo Deportivo<br>Código postal: 15008 - A Coruña (La Coruña)<br>Teléfono: +34659184128<br>Email: xestion@atletismo.gal                       |
| <div>NOME E APELIDOS :</div> <div>DATA DE NACEMENTO/NIF O NIE</div> <div>Categoría:<br/>FEDERACION GALLEGA DE ATLETISMO<br/>País: ESPAÑA<br/>Ámbito: Nacional,Territorial</div> |                                                                                                     | <p>Esta licencia es personal e intransferible. Es válida únicamente para la temporada de su expedición y en la categoría que se reseña. Deberá ser presentada en las competiciones o actividades en las que participe.</p> |
| <div><a href="#">Descargar en PDF &gt;&gt;</a></div> <div><a href="#">Descargar en PASS &gt;&gt;</a></div>                                                                      |                                                                                                     | <b>ATLETAS (17 años y superiores) , ENTRENADORES Y JUECES</b><br><br>Compañía de Seguros:<br>Número de Póliza:<br>Teléfono:                                                                                                |

## CLUB

 XUNTA  
DE GALICIA

 DEPORTE  
GALEGO





LOGO

T 2025

CLUB  
GALEGO

**NOME DU CLUB**

FEDERACION GALLEGA DE ATLETISMO  
País: ESPAÑA  
Ámbito: Nacional,Territorial

**NOMBRE DEL CLUB**  
Dirección:  
Código postal:  
Teléfono:  
Email: |  
Website: |

**FEDERACION GALLEGA DE ATLETISMO**  
Dirección: Plaza Agustín Díaz, Complejo Deportivo  
Código postal: 15006 - A Coruña (La Coruña)  
Teléfono: +34659184128  
Email: xestlon@atletismo.gal  
Website: atletismo.gal

Esta licencia es personal e intransferible. Es válida únicamente para la temporada de su expedición y en la categoría que se reseña. Deberá ser presentada en las competiciones o actividades en las que participe.

[Descargar en PDF >>](#)  
[Descargar en PASS >>](#)